



Integrar fe e vida nunha Igrexa en saída

Andrés López Calvo

1.- Introducción

A ninguén se lle escapa que, para a pastoral de iniciación, estes son tempos de camiñar cara ao corazón da fe, de xeito que sexamos quen de aviar –e non de vagar– procesos de conversión e personalización da fe¹. Tamén, a pouco que se reflicta sobre a situación, axiña nos decatamos de que, na maioría dos membros das nosas parroquias, prima unha fe individualista e para nada comunitaria.

Abondan as orientacións pastorais que subliñan a unidade indisoluble que cómpre que exista entre personalización da fe e iniciación cristiá. Unha das máis logradas, segundo a nosa opinión, é a suxestionada pola Conferencia Episcopal Italiana:

Experiencia fundamental da educación na vida de fe é a iniciación cristiá, que non é tanto unha actividade entre tantas da comunidade cristiá, senón a actividade que define o ser mesmo da Igrexa enviada a xerar na fe e a realizarse a si mesma como nai. Gradualmente asume unha inspiración catecumenal, que leva ás persoas cara unha progresiva conciencia da fe, mediante itinerarios diferenciados de catequese e de experiencia de vida cristiá. A celebración dos sacramentos da iniciación cristiá, seguida dunha axeitada mistagoxía, representa a culminación deste camiño cara á plena madurez cristiá².

1 Cf. A. CHORDI MIRANDA, *Los jóvenes nos hacen mover ficha ¿Cómo impulsar la pastoral con jóvenes hoy?*, en: «Misión Joven», 46 (2006) 49-61.

2 CONFERENZA EPISCOPALE ITALIANA, *Educare alla vita buona del Vangelo. Orientamenti pastorali dell'episcopato italiano per il decennio 2010-2020*, 2010, n. 40.